b.1.1.3 MANUAL DE USO

Do lápis ao lápis dixital

www.auladeplastica.es

Esta é una guía para o rápido acceso e aproveitamento da plataforma de cursos Moodle, auladeplastica.es

O acceso á plataforma de cursos é moi sinxelo e poderás acceder en só dous simples pasos que describiremos a continuación.

Primeiro paso.

O primeiro de todo é entrar na páxina, é moi sinxelo o profesor te dará de alta, terás usuario e contrasinal como en calquera páxina que necesite destes requisitos para a súa entrada. Unha vez dentro poderás navegar polos distintos cursos, descargar os recursos propostos, realizar actividades e consultar materiais.



Segundo paso.

Unha vez dentro da páxina tan só tes que elixir o curso abrilo e acceder aos contidos. Como podes observar están situados de maneira vertical, a orde no que están situados é moi importante, dado que os contidos lévannos a outros e non ten moito sentido que comences por exemplo un cuestionario de autoevaluación, sen antes consultar os recursos e apuntamentos necesarios para poder contestalo correctamente.



Aspecto dun curso despregado.



Os contidos que podes consultar.

Apuntamentos.

Todos os cursos comezan cun apartado chamado "apuntamentos" no que atoparás uns apuntamentos introductorios ao tema. Facendo clic abrirase unha xanela na que poderás consultar o contido, e tamén poderás descargalos ou imprimilos. Este material é moi importante dado que grazas a súa consulta poderás contestar a proba de autoevaluación.



Foro

O foro é un espazo para o debate, a pregunta e sobre todo para a interacción cos teus compañeiros. É unha maneira de aprender cooperativamente. Cada foro iníciase cunha pregunta que tenta romper o xeo, contesta e relacionate cos seus compañeiros de aula. O foro é un espazo distendido, pero non debes esquecer que é un espazo só da materia, utilizao para cuestión relativas ao tema.

Glosario

O glosario está pensado para que se hai algún termo ou palabra que non comprendas, poidas atopar facilmente a solución a esa dúbida. O glosario tamén está pensado para a túa participación directa, é un elemento dinámico e cooperativo, onde poderás engadir, (dado que che proporcionei dereitos de administración e edición neste apartado) ,cantos termos consideres necesario. Activa a edición e fai a túa achega. Só existe unha regra que debes cumprir, os termos deben estar relacionados co tema proposto.



Autoavaliación

A autoevaluación aínda que puidese parecerlo, non está pensada como un exame, é una maneira para que sen darche conta vaias traballando sobre o tema, facendote preguntas que ti debes responder. Podes consultar calquera recurso á túa disposición na páxina, especialmente os apuntamentos aínda que en ocasións poderás atopar respostas nos links ou no propio glosario.

Moi importante: as respostas erradas restan da nota final, deste xeito trato de evitar que contestes ás toas. Son preguntas moi fáciles e cunha simple visita aos apuntamentos ou outros medios non terás ningún problema para realizar as probas correctamente.

Entrada ao cuestionario.



O tipo de cuestionario atoparás responde a dous modelos.

A) preguntas con respostas múltiples

B) preguntas con resposta "verdadeiro" ou "falso"

As veces podes repetir a proba varias ocasións ata que consigas unha boa puntuación, entón poderás enviarma para que a vexa



Proposta práctica

A proposta práctica trata de que utilicemos os distintos programas de software libre que podemos atopar na sección de gráficos dos nosos computadores abalar. Son exercicios moi sinxelos e que non che levará demasiado tempo realizalos, a proposta práctica vai sempre unida aos vídeo-manuais de axuda, neles poderás ver o exercicio desenvolvido paso a paso. Estes manuais en vídeo están colgados en YouTube deste xeito que poderás velos as veces que queiras. Segue paso a paso as instrucións e non terás ningún problema á hora de resolver cada unha das propostas prácticas.

Vídeo manual de axuda

Estes vídeos resolven paso a paso os exercicios descritos na proposta práctica. É tan sinxelo como deixarse guiar e ir repetindo cada unha das operacións que eu realizo os vídeos, podes afastarte e non facer exactamente o mesmo, ser creativo, pero para aprender o proceso é importante que sigas fielmente as instrucións. Está claro que no teu caso persoal cando esteas a resolver o exercicio terás que utilizar imaxes, cores e formas propias, xa sexan estas realizadas por ti mesmo ou extraídas de Internet. Lembra que existen moitos lugares onde obter imaxes debuxos libres de dereitos. Na procura avanzada de Google podes optar directamente porque as imaxes que se mostren sexan imaxes libres de dereitos. Como sempre sabes que contas tanto co foro como co propio espazo da nosa clase para resolver calquera dúbida adicional que puidese aparecer.



https://www.youtube.com/watch?v=QQ2YVIhuZbQ



Novas sobre arte

Este apartado aparece en todos os temas e irá cambiando de maneira paulatina, co paso do tempo trátase dunha canle de noticias **RSS**, neste caso e como non podía ser doutra maneira relacionadas coa arte. A canle chámase arte10.com e ás veces será unha moi boa fonte de inspiración ademais que de información para os nosos traballos.



E para saber máis

Este apartado está destinado a ampliar se o desexades os vosos coñecementos sobre o tema unha vez que este rematou. Este apartado iníciase sempre cun vídeo onde dalgún modo obtemos un exemplo visual sobre o tema, ás veces será unha obra, outras veces un pequeno documental e outras algún manual para a realización práctica dalgún traballo relacionado co tema.

Os máis curiosos atoparedes aquí algunhas ligazóns a outras fontes, páxinas web e plataformas que nos ofrecerán unha versión máis ampla e extensa sobre o tema tratado.



Non esquezas se tes boa información que tes a posibilidade de compartila co resto de compañeiros de clase, tanto no foro, como mediante a edición no glosario. Non dubides en compartir os teus achados con todos nós.